

bro), notifícaselles ás persoas que a seguir se relacionan as propostas dos expedientes instruídos por infracción da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros (DOG nº 99, do 27 de maio).

Os interesados dispoñen dun prazo de vinte días a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto para presentar perante a delegación territorial as alegacións que coiden pertinentes.

Os expedientes relacionados deseguido atópanse á disposición dos interesados na citada Delegación Territorial da Coruña, Ramón y Cajal, s/n, 5º andar.

Nº de expediente: PESANI 2007/000039-1.

Denunciado: Isabel Romero Borja.

DNI: 32830676Q.

Enderezo: Ponte Pasaxe, Conserveira Celta, A Coruña.

Nº de expediente: PESANI 2007/000040-1.

Denunciado: Isabel Romero Borja.

DNI: 32830676Q.

Enderezo: Ponte Pasaxe, Conserveira Celta, A Coruña.

Nº de expediente: PESANI 2007/000038-1.

Denunciado: Alfredo Calvete Seijo.

DNI: 32779850C.

Enderezo: r/ Cortes, 33, Bergondo.

A Coruña, 14 de maio de 2007.

Javier Alonso Moraleja
Instrutor

Cédula do 14 de maio de 2007, da Delegación Comarcal de Pontevedra, pola que se notifica a incoación e o trámite de audiencia do expediente sancionador PESANI 2007/000318-5.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselle a persoa que a continuación se di a incoación e trámite de audiencia do expediente instruído por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia de marítimo-pesqueira de Galicia (DOG nº 162, do 20 de agosto).

A interesada dispón dun prazo de quince días a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para presentar ante a delegación territorial as alegacións que considere pertinentes.

O expediente citado a seguir atópase á disposición da interesada na Delegación Comarcal de Pontevedra, Andrés Mellado, 15-1º.

Nº de expediente: PESANI 2007/000318-5.

Denunciada: Rosa María Galiñanes Chaves.

DNI: 35446326-Z.

Enderezo: rúa Tablada, nº 10-1º, Pontevedra.

Pontevedra, 14 de maio de 2007.

José Luis Meijueiro Tilve
Delegado comarcal de Pontevedra

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Resolución do 1 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso público, procedemento aberto, para a contratación das asistencias técnicas que se citan.

1. Entidade adxudicadora.

1.1. Organismo: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

1.2. Dependencia que tramita: Secretaría Xeral.

2. Obxecto de cada contrato.

2.1. Descrición do obxecto: asistencia técnica para a redacción do Plan de desenvolvemento sustentable (PDS) e o Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) do Macizo Central na provincia de Ourense. (nº expte. 131/2007).

Prazo de execución: 4 meses.

Orzamento base de licitación: cento setenta e cinco mil cento sesenta (175.160) euros.

Garantía provisional: non se exige.

Criterios de baremación: os especificados no punto 2.2.7 do prego de cláusulas administrativas particulares.

2.2. Descrición do obxecto: asistencia técnica para a redacción do Plan de desenvolvemento sustentable (PDS) do LIC Pena Trevinca na provincia de Ourense (nº expte. 133/2007).

Prazo de execución: 4 meses.

Orzamento base de licitación: oitenta e sete mil (87.000) euros.

Garantía provisional: non se exige.

Criterios de baremación: os especificados no punto 2.2.7 do prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación de todas as subministracións.

3.1. Tramitación: ordinaria.

3.2. Procedemento: aberto.

3.3. Forma: concurso público.

4. Documentación e información.

4.1. Documentación: os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexe-rán estas contratacións estarán a disposición dos intere-sados para o seu exame, durante o prazo de presentación de proposicións, na Vicesecretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, sita na rúa San Lázaro, s/n (teléfono 981 54 17 43).

Tamén se poderán obter os pregos relativos a estas con-tratacións, a través da internet nos seguintes enderezos:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=8241>

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=8242>

Para os efectos de información, as empresas que reti-ren os pregos da páxina web e estean interesadas en con-cursar a esta licitación, deberán enviar, ao seguinte enderezo de correo electrónico: contratacion.cma@xunta.es, os datos que a seguir se relacionan:

-Na epígrafe asunto: obxecto do prego.

-Nome da empresa.

-Nº de teléfono.

4.2. Información.

Teléfono: 981 54 17 49.

5. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

5.1. Data límite da presentación: as proposicións presentaranse, en días e horas hábiles, no prazo máxi-mo de 15 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no DOG; de coincidir o último día en sábado ou festivo, o prazo para a pre-sentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

5.2. Documentación que é preciso presentar: a sina-lada no punto 2.2.5. dos pregos de cláusulas adminis-trativas particulares.

5.3. Lugar de presentación:

a) Entidade: rexistro xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

b) Enderezo: San Lázaro, s/n.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compos-tela, 15781.

d) Cando a proposición se envíe por correo, o licita-dor deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contra-

tación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (981 54 17 50) no mesmo día.

e) No suposto de que se participe en máis dun con-curso destas dúas asistencias técnicas, a documenta-ción xeral contida no sobre A presentada para un deles producirá plenos efectos nos demais nos que se presenten proposicións, facendo constar expresamen-te como contido do sobre A a referencia do concurso no que se presenta a documentación xeral.

6. Apertura das ofertas.

A apertura das proposicións admitidas realizarase pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da sede dos servizos centrais da Con-sellería de Medio Ambiente en Santiago de Compos-tela, ás 12.00 horas do décimo cuarto día natural a partir do seguinte ao da finalización do prazo de pre-sentación das proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reunirse o primeiro día hábil seguinte, á mesma hora.

No caso de que o día de apertura coincida entre o día 30 de xullo e o 24 de agosto (ambos os dous inclu-sive) a apertura de proposicións admitidas terá lugar o día 27 de agosto ás 12.00 horas.

7. Gastos do anuncio: pola conta dos adxudicatar-rios.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2007.

Jorge Antonio Santiso Blanco
Secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente
e Desenvolvemento Sostible

Resolución do 1 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso público procedemento e aberto, para a contratación da subministración de contedores para a recolla de pilas e baterías de orixe doméstica. (Expediente 124/2007).

1. Entidade adxudicadora.

1.1. Organismo: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

1.2. Dependencia que tramita: secretaría xeral.

2. Obxecto do contrato.